

**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 19 DE MARZO DE 2015**

**FAVORABLES.-**

**LIC/1485/2014.- UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.-** Conceder a licenza para realizar as obras de construción de edificación-instalación de desenvolvemento de infraestruturas para láser de aceleración e aplicacións na rúa José María Suárez Núñez (de) núm. 4, Facultade de Física desta cidade.

**LIC/1339/2014.- SANTIAGO SUR GALICIA, S. L.-** Conceder a licenza para executar as obras de adaptación dunha parcela situada na rúa Volta do Castro – Choupana para aparcamento provisional ao aire libre para 89 prazas de aparcamento.

**LIC/41/2015.- INMOBILIARIA PAXONAL, S. L.-** Aprobar o proxecto modificado presentado que modifica a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión do 29/01/2007 para executar as obras para construción dunha edificación adicada a 16 vivendas, 8 unidades de residencial comunitario, locais comerciais e garaxe e licenza de apertura para o uso residencial comunitario nas parcelas M11B1 e M11B2 do SUP-6 de Santa Marta.

**LIC/44/2015.- ARZOBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.-** Conceder a licenza para executar as obras de rehabilitación de edificio para uso de Centro de Acolida de Peregrinos en rúa Carretas nº 33.

**PARCELACIÓNS.-**

**LIC/1785/2014.- CARMEN PAZOS GIGIREY.-** Conceder a licenza para parcelar unha parcela situada no Lugar de Fraiz.

**DEVOLUCIÓNS DE FIANZAS.-**

**LIC/1770/2014.- MARIA DEL CARMEN DIAZ OTERO.-** Acceder á devolución da fianza por importe de 1.500 € depositada para responder da reposición dos servizos urbanísticos que resulten afectados como consecuencia da execución das obras.

**2.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenza para realizar as obras de construción de edificación, instalación de desenvolvemento de infraestruturas para láser de aceleración e aplicacións na rúa José María Suárez Núñez (de), nº 4, Facultade de Física. (LIC/1485/2014).**

Acordouse concederlle licenza á Universidade de Santiago para unha obra destinada á construción dunha edificación semisoterrada para a instalación de infraestruturas para un láser de aceleración de partículas e aplicacións, na rúa José M<sup>ª</sup> Suárez Núñez (nº 4) na Facultade de Física do Campus Sur. O proxecto, cun orzamento de execución de 658.892 euros, prevé dous volumes de 35x12m. nunha soa planta con cuberta vexetal que estenderá, a modo de terraza, o viario e aparcamento ao que dan fronte, garantindo a visión cara ao val do Sarela.

**3.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenza para executar as obras de adaptación dunha parcela situada na rúa Volta do Castro-Choupana para aparcamento provisional ao aire libre para 89 prazas de aparcamento. (LIC/1339/2014).**

**4.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do proxecto modificado presentado que modifica a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión do 29/01/2007 para executar as obras de construción dunha edificación adicada a 16 vivendas, 8 unidades de residencial comunitario, locais comerciais e garaxe e licenza de apertura para o uso residencial comunitario nas parcelas M11B1 e M11B2 do SUP-6 de Santa Marta. (LIC/41/2015).**

**5.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenza para parcelar unha parcela situado no lugar de Fraiz. (LIC/1785/2014).**

Concedéronse 3 licenzas:

•Unha licenza foille concedida a Santiago Sur Galicia, S.L. para a construción dun aparcamento provisional ao aire libre nunha parcela na rúa Volta do Castro, na Choupana, cun proxecto que contempla un orzamento de execución de 87.766 euros.

•Outra licenza foi concedida a Inmobiliaria Paxonal, S.L. para proxecto modificado, sobre o proxecto básico presentado para licenza en decembro de 2006, mediante o que se executou unha edificación dedicada a 16 vivendas, 8 unidades de residencial comunitario, locais comerciais e garaxe, así como licenza de apertura para uso residencial comunitaria en dúas parcelas do SUNP-6 de Santa Marta.

O proxecto reformado que se presenta agora contempla un orzamento de execución de 58.500 euros, sobre o proxecto básico que fora presentado hai 8 anos.

•A terceira licenza autoriza a reparcelación dun predio de 2.844 m<sup>2</sup> no lugar de Fraiz, na parroquia de Vilestro, para crear dúas parcelas con idénticas superficies

#### **6.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á adxudicación definitiva das Obras de edificación destinada a "Centro Xove de Creación Cultural da Almaciga" á empresa COPCISA, S.A.**

Acordouse a adxudicación das obras para o Centro Xove de Creación Cultural da Almaciga á empresa COPCISA, S.A, por un importe de 199.560 euros, cun prazo de execución de seis meses. O edificio estará situado nunha parcela na que xa existen nestes momentos dous edificios destinados a ensino: o CEIP Apóstolo Santiago e a Escola Municipal de Música.

O Centro Xove nace coa intención de convertese nun espazo para a xuventude da cidade, no cal poidan desenvolver as súas inxerencias e poñer en práctica o seu labor cultural. Nese equipamento situaranse, por exemplo, os locais de música para a xuventude, que actualmente están localizados nos baixos do estadio de San Lázaro. Tamén disporá dun centro de creación artística para diversos usos como actuacións musicais, obras de teatro, conferencias ou obradoiros de formación. Cómpre lembrar, por último, que se atopa en proceso de licitación o subministro e instalación de mobiliario para este centro, por importe de 4.784 euros.

#### **7.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á adxudicación do contrato de "Servizo para a xestión dos expedientes sancionadores por infraccións en materias xestionadas polos servizos integrados na área de Desenvolvemento Urbano e Sostible" á empresa Servalbro, S.L.**

Acordouse a adxudicación do contrato para a xestión dos expedientes sancionadores por infraccións en materias relacionadas coa área de desenvolvemento urbano e sostible (infraccións urbanísticas, lei do emprendemento, ruído, publicidade e rotulación, terrazas...).

A empresa adxudicataria é Servalbro, S.L. cunha oferta que supón aplicar o 25% sobre o importe de todos os cobros realizados en período voluntario ou forzoso de pagamento. Par facer fronte a ese pagamento resérvanse no orzamento municipal 40.368 euros anuais, durante dous anos.

#### **8.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación do "Servizo de mantemento do alumeadado público, instalacións eléctricas dos locais municipais e instalacións do alumeadado ornamental dos monumentos do Concello de Santiago de Compostela".**

Aprobouse a apertura do procedemento de licitación do contrato para o servizo de mantemento da iluminación pública, instalacións eléctricas dos locais municipais e instalacións de iluminación ornamental dos monumentos do concello. A prestación do servizo ten como fin primordial asegurar o funcionamento das instalacións eléctricas dos locais municipais, da iluminación pública e ornamental dos monumentos, previndo posibles avarías e realizando, no seu caso, as reparacións, substitucións, melloras, etc., necesarias para o mantemento do nivel técnico, tanto das instalacións como dos equipos e da calidade da iluminación. Tamén se trata de eliminar os posibles perigos que poida ocasionar a persoas ou cousas, así como adecuar as instalacións ás necesidades urbanas e manter un aceptable equilibrio entre os niveis de iluminación proporcionados e o seu custo enerxético e ambiental. Tamén se deberá manter e controlar o funcionamento do sistema de comunicacións vía GSM (instalado na actualidade), a optimización da facturación de enerxía eléctrica, medidas de aforro de enerxía, etc., e conservación e renovación das instalacións eléctricas de monumentos, fontes, centros de transformación, grupos electrógenos, instalacións de iluminación e forza de escolas, colexios, centros sociais, instalacións deportivas e demais dependencias municipais.

O tipo de licitación establecido para este servizo é de 1.257.043 euros/ano, no que se inclúen os gastos do persoal actual asignado ao servizo -15 persoas- a contratación de 3 técnicos, o custo das instalacións do servizo (nave e oficinas), os seguros asociados, o custo anual de medios móbiles e equipos, o custo de materiais, así como o investimento necesario para a mellora da eficiencia da iluminación pública.

**9.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa ao Proxecto técnico de expropiación para ampliación do Campus Universitario (PE-8). Consignación parcela 29.**

Acordouse consignar na Caixa Xeral de Depósitos a cantidade de 10.418 euros, en concepto de prezo xusto dunha parcela do proxecto de expropiación para a ampliación do Campus Universitario aprobado en 1993, en aplicación do disposto no Regulamento, ao existir litixio entre titulares de dereitos sobre a parcela expropiada.

**10.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á execución da sentenza 315/2012, ditada no procedemento ordinario 754/2009, interposto contra acordos da Xunta de Goberno Local de corrección de erros do Proxecto de compensación do SUNP-25. Roxos.**

Acordouse recuperar a vixencia do proxecto de compensación de Roxos que fora modificado nos anos 2008 e 2009, en cumprimento da sentenza do TSXG que declara a nulidade dos acordos adoptados no seu día. O Concello iniciará os trámites pertinentes para repoñer a situación rexistral anterior ao inicio do proxecto.

**11.- Proposta da concelleira delegada da área de Cultura e Patrimonio (Festas) relativa á aprobación do expediente denominado "Servizo de organización da celebración da "Festa dos Maiores 2015".**

Para a organización da xa tradicional "Festa dos Maiores" que se celebra cada ano pola festividade da Ascensión, acordouse a apertura do procedemento de contratación polo procedemento negociado cun tipo de licitación de 19 euros/comida (+1,90 € IVE), que poderá ser rebaixado en función das ofertas e que inclúe, ademais do xantar, os custos de man de obra, servizo, instalación de mesas e cadeiras e menaxe. Neste festa, na que os convidados son os maiores xubilados ou pensionistas, o Concello asume as 2/3 partes, tendo que aboar o 1/3 restante (7 euros) a persoa que asiste, en concepto de prezo público. Con este fin, prevese un gasto máximo de 35.530 euros con cargo ao orzamento municipal.

**12.- Proposta da concelleira delegada da área de Cultura e Patrimonio para dar conta da nova instrución de uso dos equipamentos socioculturais por parte de partidos políticos durante as eleccións municipais.**

Por parte da Concellería competente deuse conta dunha nova instrución que posibilita o uso dos equipamentos socioculturais durante os 3 meses anteriores á celebración da eleccións municipais por parte dos partidos políticos. Trátase da fixación do acordo adoptado polos portavoces dos tres grupos con representación municipal para modificar a instrución de uso destes equipamentos socioculturais.

**13.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais relativa á prorroga do contrato do "Servizo de vixilancia e seguridade das instalacións da Unidade Municipal de Atención ó Drogodependente (UMAD)".**

Acordouse prorrogar por dous anos o servizo de vixilancia e seguridade das instalacións da Unidade Municipal de Atención ao Drogodependente (UMAD), que fora contratado en xullo de 2013. A prórroga, que no prego figura como obrigatoria para o adxudicatario, prevé a súa continuidade por dous anos (ata xullo de 2017), reservando un total de 38.793 euros/anuais, a mesma cantidade que se viña destinando a este servizo.

**14.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais relativa á solicitude de financiamento para o funcionamento dos servizos sociais comunitarios no ano 2015. Nº expediente XIESS 38.549.**

Aprobouse a solicitude de financiamento para Servizos sociais comunitarios á Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia por importe de 826.358 euros, sobre un total estimado de 1.695.494 euros. De concederse a axuda, a participación do concello sería de 869.136 euros, equivalente a un 51,26% do importe total. A proposta inclúe o detalle dos gastos totais distribuídos entre o persoal (773.627 euros), Axuda no Fogar (914.441 euros) e os programas de "apoio colectivo ás necesidades específicas") e de "dinamización e animación sociocomunitaria (7.426 euros).

**15.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais dando conta de concesión definitiva da subvención para o Programa Envellecemento Saudable 2015.**

Deuse conta dunha subvención recibida da Deputación da Coruña, por importe de 3.000 euros, destinada á realización no ano 2015 do "programa de envellecemento saudable".

**16 a 54.- Proposta do concelleiro delegado de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre bens inmoables.**

A Xunta de Goberno, conforme ao disposto nas ordenanzas reguladoras, resolveu tamén 39 expedientes presentados para a obtención de beneficios fiscais e exencións: 1 referido a incremento de valor dos terreos de natureza urbana; 14 para vehículos de tracción mecánica e 24 para imposto sobre bens inmobles.

**55.- Proposta da concelleira delegada de Economía relativa á corrección de erro no punto núm. 54 da sesión de 12 de febreiro de 2015, sobre solicitude de subvención á consellería de Traballo e Benestar para a contratación temporal de persoas en situación de risco de exclusión social perceptoras de RISGA para 2015.**

Acordouse modificar un acordo, en relación cunha solicitude de subvención á Consellería de Traballo e Benestar para a contratación temporal de persoas en situación de risco ou inclusión social, nas que se detectou un erro ao mencionar o ano de referencia, como 2014 cando debería dicir 2015.

**56.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á solicitude á Xunta de Galicia dunha subvención para o Plan concertado de servizos sociais comunitarios específicos: Escolas infantís municipais para 2015.**

Acordouse solicitarlle á Consellería de Traballo e Benestar unha subvención para o Plan concertado de servizos sociais comunitarios, con destino ás escolas infantís municipais de Conxo, As Fontiñas e Meixonfrio-Salgueiriños para o ano 2015. Estas 3 escolas de titularidade municipal están inscritas no Rexistro de Entidades Prestadoras da Xunta de Galicia e suman un total de 245 prazas para nenos e nenas de entre 0-3 anos. O concello consigna nos seus orzamentos 738.559 euros para a súa xestión, dos que se lle solicita á Xunta o 50%.

Os usuarios contribúen ao financiamento do servizo en función da súa capacidade económica, cunha tarifas establecidas por asistencia en xornada completa que eximen de pagamento a quen non acada o 50% do IPREM e para o resto oscilan entre os 34 e os 164 euros mensuais, con descontos por familia numerosa, familia monoparental e 2º irmán no centro (20% en cada caso, non acumulables). Nos servizos de comedor tamén se contemplan diferentes tarifas en función da renda.

**57.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación da Memoria de actividades de X Certame de Danza Intercentros "Compostela en danza 2015".**

Aprobouse a memoria do programa e económica do Décimo Certame de Danza Intercentros "Compostela en danza 2015", destinado a 7 centros de ensino de educación infantil, primaria e secundaria inscritos en actividades de danza extraescolares. Os centros son o San Xosé de Cluny, o Pío XX, López Ferreiro, Xelmírez I, Fontiñas, Rosalía de Castro e Arquitecto Casas Novoa. O certame, que conta cun orzamento de 7.786 euros que todos os anos achega a Deputación, celébrase no mes de maio, na sala Ángel Brage do Auditorio de Galicia, e calcúlase que nel poidan participar 233 bailaríns, cunha asistencia arredor das 1.000 persoas.

**58.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación da Memoria de actividades de XX Certame de Teatro Intercentros.**

Tamén se aprobou a memoria económica e do programa do Vixésimo Certame de Teatro Intercentros 2015, que conta cun orzamento de 4.140 euros, que como o anterior adoita cubrir a Deputación da Coruña. Desenvolverase durante o vindeiro mes de abril no salón de actos dos institutos Rosalía de Castro e Xelmírez, onde se interpretarán as obras que serán votadas polos asistentes e por un xurado profesional, que elixirán dous grupos (un de secundaria e outro de primaria) para unha interpretación final no Teatro Principal nunha función aberta ao público (os días 19 de maio e 3 de xuño, respectivamente). Está prevista a participación de 8 centros de Santiago, un de Vedra, un de Rois, un de Arzúa e un de Lugo.

**59.- Proposta do concelleiro delegado da área de Réxime Interior e Administración Pública relativa á aprobación do Plan de Formación continua do concello para 2015 e solicitude á Escola Galega de Administración Pública dunha subvención para o seu financiamento ao abeiro da súa resolución de 2 de marzo de 2015.**

Aprobouse o Plan de Formación Continua de empregados do Concello para o ano 2015, que contempla dez áreas, cun orzamento total de 56.373 euros. Para o seu financiamento acordouse solicitarlle unha subvención á Escola Galega de Administración Pública.

**60.- Proposta do concelleiro delegado da área de Réxime Interior e Administración Pública relativa á solicitude da USC para o préstamo temporal e a reprodución de distintas obras pertencentes ao concello na exposición "Eugenio Montero Ríos e a Compostela do seu tempo"; así como na publicación dun catálogo/libro.**

Accedeuse á petición, presentada mediante escrito, da USC para a cesión de diversas pezas pertencentes ao patrimonio municipal para a exposición e un catálogo/libro sobre "Eugenio

Montero Ríos e a Compostela do seu tempo” que están a organizar diversas entidades e institucións, entre elas o propio Concello de Santiago.

**61.- Proposta do concelleiro delegado da área de Réxime Interior e Administración Pública relativa á solicitude de devolución de fianza definitiva.**

Accedeuse á devolución de fianza solicitada pola empresa (CLECE, S.A.) adxudicataria en decembro de 2011 do servizo de atención domiciliaria e comunitaria á infancia, logo do informe favorable á prestación do servizo correctamente. O importe da fianza é de 2.314 euros.